



Novo amor en Arousa

Francisco Xavier Senín



XAVIER SENÍN FERNÁNDEZ

(Pontecesures - Pontevedra, 1949).

Catedrático de bacharelato de francés. Foi subdirector xeral de Promoción Cultural, do Libro e Bibliotecas de 1987 a 2006. Foi vicepresidente da Asociación de Tradutores Galegos e Presidente da Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI). Responsable da edición galega de O Correo da Unesco desde 1989 ata 2001. Impartiu cursos de lingua galega co Instituto de Ciencias da Educación da Universidade

de Santiago e coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Corrector lingüístico, autor e coordinador de libros de texto, leva traducido para galego ao pé de cen títulos, fundamentalmente de literatura para a infancia. Mantén dúas colaboracións semanais en El Correo Gallego baixo o título xenérico de Devagar.

Subvenciona:



Publica:



Coa colaboración:



© do texto: Xavier Senín

© da edición: AFNLG

Coordinación: Carme Vaquero
Xosé González

Fotografía e deseño: Pío García

Edita:



Imprime: Artes Gráficas Litonor

Deposito legal:C4089-2009

galeguizar galicia

Ocorre as máis das veces que os viaxeiros van ollando a paisaxe, pero sen descifraren as causas, historia e circunstancias que a definen. Adóitase dicir —non é máis ca unha frase feita— que o viaxar arrequece a cultura. Iso depende. Se nos fiamos dalgunhas enquisas feitas sobre o coñecemento que os galegos temos do noso medio, a conclusión é ben distinta: vivimos nun País que non valoramos dabondo, porque o descoñecemos.

Otero Pedrayo, que tivo que viaxar moito nos coches de liña, tiña por costume ilustrar o seu acompañante de todo o que os seus ollos albiscaban, de preto e de lonxe. Din os que gozaron da súa compañía naquelas demoradas viaxes polas estradas galegas que era unha regalía poder coñecer “sobre a marcha” todo o que quedaba fóra da xanela do autobús.

Relatos da Paisaxe pretende poñer ao alcance dos viaxeiros das empresas asociadas en Trabivus Noroeste unha primeira entrega de relatos literarios e á vez descritivos, que contribúan a coñecer máis os accidentes xeográficos, monumentos, tradicións, etc., que salfiren a nosa contorna. A suma de todos eles fan parte da nosa cultura, relatada en lingua galega, que resoou, resoa e resoará nos escenarios que se van sucedendo nas viaxes que se fan percorrendo as estradas.

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia e mais a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia poñen nas súas mans unha pequena colección de relatos escritos para esta acción por diversos autores, coa finalidade de divulgar e fomentar o uso da lingua galega.

Xoaquín Monteagudo Romero
Presidente da AFNLG



Francisco Xavier Senín

Novo amor en Arousa

Cando chegou á estación de Pontevedra, pasaban uns minutos das 11. Sobráballe tempo, aínda dúas horas, así que foi ao bar e ocupou unha das moitas mesas baleiras a carón da ventá. Encargou unha infusión e un bolo de leite. Tiña os nervios á beira de todo polo que ía facer e mellor sería ter o estómago ocupado. Despois de pouco máis ou menos un ano de chatear acordara unha cita co Inglés, un dos mozos cos que entrara en contacto. Dunhas noutras, entre mentiras e verdades, seguía sen ter claro cal era a liña que delimitaba o certo e o inventado, pero acordaran verse ese sábado en Vilagarcía. Por iso ás nove da mañá collera en Ourense o autobús para Pontevedra e agardaba agora polo que a había levar ao lugar do encontro. O día fermoso que a acompañara era un presaxio de que as cousas marcharían ben.

Algo máis tranquila, decidiu estirar as pernas e dirixiuse ao centro da vila, seguindo as indicacións dun rapaz que lle asegurara que, como alí todo era pequeno, logo se andaba. Quedou impresionada polo coidada que estaba a zona monumental que lle recordaba un algo a de Ourense.

Ao se achegar a hora, volveu para a estación e montou no autobús. Ao seu carón sentou un mozo que debía de ser do seu tempo. Saudáronse brevemente, máis con acenos que con palabras. El axiña abriu un libro e púxose a lelo. Ela levaba os auriculares onde soaba o último disco de Amaral. Entroulle curiosidade por ver que era o que ocupaba a atención do seu compañeiro e non se tivo que esforzar moito. O leve movemento do lector ao pasar a folla permitiulle ver a portada. Tratábase d' *O único que queda é o amor* de Agustín Fernández Paz, un libro que ela acababa de ler non había nada. Houbo quen lle chamou inmadura por escoller aquel autor para rapaces, pero ela non era da mesma idea e, polo visto, aquel mozo que semellaba moi interesado porque non levantaba a vista do libro, tampouco.

A música non lle impedía ir remoendo naquela aventura. Ao que se achegaba a hora do encontro, a seguridade de tantos días volvíase incerteza e cada vez petaban con máis forza na súa conciencia (a puta conciencia) os argumentos de súa nai, que non lle vía moito xeito a todo aquilo e iso que non sabía da misa a metade.

Todo comezara por unha parvada un día de aburrimiento mortal. Acendera o ordenador e puxérase a navegar pola rede adiante até que entrou nun chat. Pasoulle a tarde nun dicir amén. Ese día non sucedera nada interesante, nin ao outro, pero ao cabo dunha semana dera co tal Inglés, un personaxe misterioso que a atraía con forza. Durante semanas, se cadra meses, non soubo se estaba a relacionarse cun home ou cunha muller. Era imposible deducilo polo que contaba e abofé que se coidaba ben de non deixar pistas. A xente adoita agacharse utilizando pseudónimos. Non tiña ela nada que reprocharlle porque tamén escondera a súa identidade para protexerse. Escollera chamarse Loaira, un nome que sempre lle gustara desde que llo oíra a unha muller que se dirixía á súa filla.



Por raro que pareza, a única comunicación que estableceran fora a través do chat. Nin chamadas telefónicas, nin mensaxes de móbil, nin fotos, nin o ton da voz que servise para se identificaren. Absolutamente nada. Para ser exactos, un mes atrás acordaran intercambiar os números dos móbiles, pero fora ela a única en dar o seu. Ben certo que o Inglés nunca chegara a usalo.

Agora a cousa non tiña volta atrás e calquera sabe como remataría esta historia. Sente no estómago un formigo, coma cando está a piques de se marear. Se a cousa non se remedia, vai acabar por golsar e poñerse perdida.

Meses despois non sabía nada ou moi pouco do tal Inglés. Nunha ocasión que viña bastante ao rego, medio en serio medio en broma, espetoulle a clásica pregunta: “Estudas ou traballas?” “Nin unha cousa nin a outra”, fora a resposta que lera e que engadira máis preocupación ao seu ánimo turbado. Pero que sabía exactamente? O que lle quixera contar. Non ten nin idea de a que se dedica, quitado que debe de vivir en Carril e fai seguido o camiño até Pontevedra que a ela non lle resulta estraño aínda que o faga por primeira vez, porque el lle ten falado dalgúns lugares. Nunha ocasión quixo saber a razón de tanta viaxe a Pontevedra e recibiu como resposta unha evasiva que a deixou desacougada. O primeiro que lle veu á cabeza foi que estudaba na capital, pero axiña desbotou a idea porque non lle cadraba. Supuxo que sería repartidor ou cousa polo estilo, pero tamén se lle facía raro que mencionase unicamente ese traxecto, sen especificar máis sobre o seu cometido, aínda que podía ser que fíxese outras rutas e non falase delas.

Pararon en Alba, nome de muller, como Alba Leis, a súa amiga e antiga compañeira de clase. Baixan un rapaz e unha rapaza con libros debaixo do brazo. Recoñéceos decontado. Trátase do código da circulación. Está claro que andan no lero de quitar o carné de conducir que ela acaba de aprobar o mes pasado.

Seus pais advertíana seguido contra os perigos que encerra a rede. Hai moita xente tola de remate que aproveita a impunidad do anonimato. E ademais están todas esas historias de rapaces e rapazas que desaparecen despois dunha cita. Ela non dixerá mentira na casa, pero tampouco non contara toda a verdade. Non contara, un supoñer, que se ía ver cun home do que nin sequera sabía o nome, nin a idade. Con todo tomara precaucións: avisara a súa amiga Lorena e informáraa de todo o que tiña pensado facer e do sitio exacto onde se ían ver. Ben é certo que lle chamara tola e tentara disuadila. Como non sa-



bía nada del nin da súa familia? Ben, en realidade hai medio ano faláralle dunha irmá, Ana, pero fora moi de pasada para contarlle que marchaba de Erasmus a Praga. Se cadra ese era o único nome verdadeiro de toda aquela historia. Pero o que máis lle metía medo a Lorena é que nunca o chegase a ver en foto. Claro que ela tampouco mandara foto ningunha, pero estaba convencida de que dera os suficientes detalles como para poder ser doadamente identificable.

En Curro baixa unha muller e o condutor ten que lle abrir o portón para que colla unha cesta enorme. Ten todas as trazas de ser unha das regateiras que van vender verdura á praza de Pontevedra. Polo visto, a xornada debeu ser boa pois non levaba nada de volta. Puxo o molido na cabeza, colocou a cesta en equilibrio e botouse a andar.

Sobe unha parella. O rapaz moi guapo, a moza tampouco non está nada mal. Non soltan as mans nin para pagar e antes



de buscar asento, un bico. Teñen os ollos acesos, prendidos un no outro.

En Goulla paran e deixan baixar un vello.

O seu compañeiro cerra o libro e inicia unha conversa:

—Ti non es de por aquí, non si?

—Non. É a primeira vez que veño por esta zona.

—Sabes en que cho notei? En que mirabas todo con ollos de quen quere aprender por onde pasa.

—Se cadra si e, con todo, algúns lugares sóanme.

—Esta non é a ruta máis fermosa de todo o Salnés nin moito menos. Para ver lugares interesantes hai que abandonar a estrada principal e meterse polas secundarias que te levan a descubrir tesouros ocultos detrás dunha revolta: pazos, igrexas, carballeiras... e outras cousas.

—Coma cales?

—Cadaquén ten os seus gustos e as súas experiencias. Eu, por exemplo, teño unha amiga en Romai, que queda aí ao lado, que fai un viñazo albariño boísimo e o caíño tampouco non ten mal ningún.

—Por onde eu son tamén temos bo viño: é ribeiro.

Nin el preguntou nin ela quixo precisar máis. A conversa morreu porque ningún dos dous sabía por onde tirar. A ela parecíalle moi simpático e educado, pero non podía quitar da cabeza a razón da viaxe. Se cadra podíalle falar do libro. Era curioso, pero malia o breve intercambio de palabras que mantiveran, aquel rapaz inspiráballo moita máis confianza có tal Inglés, e parte da culpa podía tela que estivese a ler aquel libro que a ela tanto lle gustara. Decidiu tantealo con aquel tema.

—Chámame a atención que deas lido co coche en marcha e vexo que escolliches un libro de Agustín Fernández Paz. Eu remateino hai pouco e gustoume, ben, a verdade é que me gustan todos os seus libros e estes contos parecéronme preciosos.



—Dos que levo lidos, o que máis me gusta é o do can.

—É un dos meus preferidos. Paréceme que hai que ter unha sensibilidade extraordinaria para facerlle contar a un can unha historia de amor.

Nova parada en Vilanoviña para deixar subir.

—Velaquí tes un exemplo do que che dicía antes —pechou o libro—. Aquí non hai nada de interese, pero se te metes por

esa estrada cara a Lantaño verás tres ou catro pazos de moito mérito.

— E pódense visitar? — soltou ela por dicir algo.

— É mágoa, pero non. Pódese entrar na igrexa de Portas que ten algo de románica.

— Gústanche as igrexas? — preguntou ela.

— Gústame a arquitectura e sempre que vou por aí ando a pasmar e a mirar para os edificios.

— Ah, por aquí vaíse a Baión — fachendeou ela.

— E de que che soa?

— Teño lido nos xornais que hai un pazo relacionado co narcotráfico — contou a rapaza.



O Inglés contálle que o pazo pertencera a uns narcotraficantes e agora fora subastado.

— Tes familia en Vilagarcía?





—Non, quedei cun amigo —e non quixo precisar máis.

Na entrada de Vilagarcía, despois dunha recta enorme, viu un sinal que indicaba o Alto do Pousadoiro. O compañeiro aproveitou para dicirlle que algún día tería que subir a aquel monte desde onde podería gozar dunhas magníficas vistas da ría. Tamén lle falou dos miradoiros do Monte Xiabre e do Monte Lobeira.

—A ría avíase coas súas mellores galas e loce moi presumida para quen a queira contemplar desde as atalaias... Pero non podes facer todo nun día que empacharías —sorría.

Ao que o autobús ía entrando na vila o nerviosismo dela-tábaa. O compañeiro debeuno notar porque desistiu de insistir na conversa.

Por fin chegaron á estación de autobuses. O seu compañeiro despediuse cun “Até máis ver”, pero ela puxo tan pouca atención que nin o viu baixar. Os seus ollos varrían a plataforma á busca de... Velaí o estaba. O Inglés. Tiña que ser el. Por forza. Notou como se poñía colorada. Aquel mozo era guapísimo, alto, forte. Con aquel porte atlético seguro que pasaba decote polo ximnasio. Era moito mellor do que imaxinara. Como se lle ocorrera pensar que resultaría decepcionada? O rapaz aquel miraba cara ao autobús e ía reparando na xente que baixaba. Dentro do peito da moza corría un cabalo sen freo. As pernas non a sostiñan e non se atrevía a baixar. Cando apenas quedaba xente no coche, dirixiuse á porta sen quitarlle ollo a aquel mozo que a estaba agardando. Mirou para os banzos da escaleira para non tropezar, puxo o pé en terra e o sorriso que lle iluminaba o rostro volveuse un aceno de anguria. Cara a aquel mozo corría unha rapaza loira que acababa de saír diante dela. Ambos os dous se fundiron nun abrazo e enfiaron a porta de saída collidos polo van.

Despois do primeiro momento de sorpresa mirou toda a estación. Alí non quedaba ninguén que puidese responder á idea que ela se fixera. Mirou fóra. Só pasaban nenos ou per-

soas maiores e ninguén a ollaba, parecía invisible. Faltoulle o aire, nubróuselle a vista. Aspirou. Non lle termaban as pernas e buscou un banco para sentar. Tentou tranquilizarse. Seguramente había unha explicación, tratábase dun simple atraso.

Media hora. Xa non lle atopaba razón a aquela demora. Notaba un baleiro na cabeza que lle impedía pensar. Agora si que lle parecía unha verdadeira tolemia aquela aventura. Como podería localizalo agora? E onde? O máis sensato sería desandar o camiño, pero unha rabia interior impedíalle darse por vencida e tomou unha determinación.

Aínda lle quedaba unha esperanza e colleu o autobús para Carril. A viaxe, comparada co que viñera de pasar, pareceulle un suspiro. Casas a ambos os lados da estrada, algunhas ben fermosas, sen dúbida restos de tempos mellores, e sobre todo o parque coa praia. Ao chegar tampouco non sabía que facer. Viu a ría e deixou vagar a súa mirada. A auga apenas movía as lanchas que arrandeaban na auga. Alí estaba Cortegada. Tiña que ser todo moi fermoso con aquel día magnífico, pero ela non o podía apreciar, esmagada e turbada como estaba. Calquera que reparase nela había pensar que se sentía enferma ou cousa polo estilo. Cando levaba uns minutos coa mirada baleira, notou que alguén lle tocaba o ombreiro.

— Seica non te viñeron buscar. Tes a onde ir?

Era o seu compañeiro de viaxe. Respondeu:

— Xa non, agora xa non.

— Podo facerche de guía. Se queres imos paseando pola beira da praia até Vilagarcía. Perdoa, non che dixen como me chamo. Son Carlos. E ti?

Foi cousa dun segundo. Íalle dicir que se chamaba Loaira, pero deulle o seu verdadeiro nome.

— Non tes fame? Eu tamén estou sen comer.

— Non te preocupes. Pero non agardan por ti na casa?

— Ves aquela ventá? Acabo de verte desde alí. É a miña casa e xa avisei a miña nai que non agardase por min.





Marcharon un a carón doutro, botáronlle unha ollada ao cruceiro que está diante da igrexa e mais ao busto de Rosalía.

— Podemos ir aquí — sinaloulle un bar —. Vaiche unha ración de ameixas? Éche o típico de Carril, sabes?

Cando entrara en Vilagarcía adoecía coa fame. Agora non tragaría nin un bocado, pero así e todo deixouse guiar. Ademais das ameixas tomaron polbo á feira e ela aseguroulle que non estaba nada mal.

— Dígocho eu que son filla de polbeira. Miña nai é do Carballiño e prepara o polbo nun bar de Ourense. Polbo e outras cousas, que cociña moi ben.

— Pois meus pais teñen nun pequeno comercio de calzado para nenos.

— Meu pai é carpinteiro e eu estudo empresas en Ourense que é onde vivimos — completou ela.

Sáíron.

— Se queres damos un paseíño pola beira do mar. Va que non sabes que é iso?

— Iso que parece unhas leiras?

— Acertaches. Son unhas leiras onde os mariscadores, case todas mulleres, crían a ameixa e o berberecho.

— Ves aquel restaurante? Pois dous amigos meus, Isabel e Rubén, viñeron un día e tiveron unha comida ben chusca. Había dous homes a atender, pero cada un tiña o seu cometido, de xeito que se lle pedían a un un coitelo respondía que era cousa do outro. O asunto foi que se armaron un barullo do demo e mesmo confundiron os pratos dos clientes. Moito riron; polo demais seica comeron bastante ben. Se un día volves, podemos probar. Sería como irmos ao teatro.

Encontrábase moi a gusto pero a mirada íaselle para calquera persoa que puidese ser o Inglés.

Non puido aturar máis e soltou:

— Coñeces un tal Inglés?





—Anda, muller! Con que me saes agora? Aquí en Vila-garcía chámannos a todos ingleses. A cousa vén de séculos atrás, cando a escuadra inglesa se refuxiaba nestas augas. Daquela os mariñeiros baixaban a terra e pasábano ben nos bares que había no Castro e organizábanse bailes de gala para os oficiais. Mesmo xogaban ao fútbol coa xente de aquí. Tiña que ser un espectáculo ver os barcos da escuadra fondeados no que eles chamaban a “Arosa Bay”.

Estaba asombrada. Non tiña nin idea de todo aquilo.

—Cando entramos por Rubiáns non sei se reparaches á esquerda no cemiterio.

—Si, e un chisco máis adiante á dereita, un tanatorio.

—Pois ben, case pegado ao cemiterio da vila, hai outro pequeno que se adoita chamar Cemiterio dos ingleses. Alí están enterrados algúns dos mariñeiros.

—Como sabes tanto diso? —preguntou curiosa.

—Gústame a historia da miña vila, pero será mellor deixalo para outro día.

—Será —e quedou pensativa.

Aquela tarde que tan mal comezara resultou unha das mellores da súa vida. De volta na casa, preto das once da noite nin sequera contestou o saúdo da nai. Acendeu o ordenador, entrou e tiña unha mensaxe: “Foi mellor así!” Non respondeu. Xa non lle importaba resolver o misterio, polo menos ese misterio. Dentro súa notaba que nacía algo novo e escribiu un correo a un enderezo novo que asinou co seu nome: María.

